



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA CON DATA DE 24.06.2015, RELATIVA AO CONTRATO DE OBRA DENOMINADO “NOVO SALON DE ACTIVIDADES DE COTOBADE”

Con data de 24.06.2015, cando son as 09.40 horas, reúnese no Salón de sesión do Concello de Cotobade, os membros da mesa de contratación correspondente ao contrato de obra denominado “NOVO SALON DE ACTIVIDADES DE COTOBADE” coa composición establecida no prego de cláusulas administrativas que rexen o contrato e na resolución de inicio do expediente, estando presentes como Presidente da mesma: D. Fernando Vázquez Corbacho, Concelleiro do Concello de Cotobade como vogais: D. Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor, Secretario do Concello, D^a Sonia David Cortegoso, Interventora do Concello, D. José Luís Barros Sousa, Arquitecto Técnico Municipal do Concello de Cotobade e D^a. Jeanett López Fernández funcionaria do Concello que actúa na súa calidade de Secretaria da Mesa de Contratación, segundo convocatoria cursada.

Deuse conta, en acto público, da exclusión da empresa Nicogar ao presentar un sobre único que contén só a documentación técnica, polo que se resolve a súa exclusión da licitación.

Deuse conta, e acto público, da inadmisión das ofertas das empresas Xurcal Cotobade S.L. (presentada o 06.05.2015), e Oximora S.L. (presentada o 05.05.2015) ao presentarse fóra do prazo de presentación de ofertas, que rematou o día 04.05.2015.

Procédese a apertura das proposicións das empresas Planificación, Desarrollo y Gestión de Construcciones S.A e Conservia, co seguinte resultado.

EMPRESA	PREZO	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO GARANTIA	MELLORAS
Planificación, Desarrollo y Gestión de Construcciones (GPD) S.A.	62249,44	2 meses	1+2 anos	3 melloras
Conservia	62249,44	2 meses	1+2 anos	3 melloras

A vista do empate entre as dúas proposicións, a mesa decide aprazar a súa decisión para dirimir como resolver o empate entre as dúas empresas.

Non sendo outro o obxecto da Mesa, se levanta a sesión cando son as 10:00 horas.

Cotobade 24 de xuño de 2015

A secretaria da mesa

Jeanett López Fernández